



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2026

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude **DECLARA:**

Que se pretende formalizar co **Concello da Coruña** o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31.12.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e o Concello da Coruña para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ao persoal ao servizo deste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

As partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado en 2004, que recolle, entre os seus obxectivos específicos, o de consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local e o de mellorar a calidade do idioma falado e escrito polo persoal ao seu servizo. Así mesmo, tamén colaborarán na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos reflectidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.



Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral da Lingua

Valentín García Gómez

